



/ O que fixemos... / Entregando os nosos corazóns.

Campionato.

Queridos tanxedoir@s!

Os días 6 e 7 de decembro, no local da asociación, algúns socios e socias da devandita entidade xuntámonos para desfrutar das seguintes modalidades:

- Campionato de tute por parellas. De entre 16 participantes gañaron Susi e Raquel.
- Campionato de parchís, onde a campioa foi Olga Espiñeira de entre 12 participantes.
- No campionato de ping pong houbo 10 participantes e gañou Hugo Calvo.
- No campionato de xadrez gañou David Loureiro de entre 4 participantes.



Os participantes, moi concentrados, buscaron a vitoria.

As competicións estiveron moi reñidas, mais a verdade é que o pasamos pipa. E algúns aprendemos un pouco máis doutros que xogaban mellor.

Xa facía algúns anos que non se celebraban estes campionatos, mais gustounos tanto que quedamos emplazados para organizalos outra vez e non deixar pasar tanto tempo.

Procuraremos mellorar a organización, aínda que sempre o faremos coa idea de pasalo igual de ben.

Animádevos, que a diversión está garantida.

Bicos e até a próxima! 🍷

Chus Sánchez.

Que mellor para a nosa asociación que entregar a calor dos corazóns dos compoñentes dos distintos grupos a colectivos únicos do noso entorno, nun momento tan especial como son as festas do Nadal.

Así, o 22 de novembro, leváronse á Residencia El Remanso cancións do noso repertorio popular, cancións que foron moi ben recibidas polos asistentes.



Actuando na Domus Vi de Oleiros.

O 30 de novembro, o grupo de cancións populares actuou para a xente da residencia Domus VI en Matogrande, onde, como nas visitas anteriores, a xenerosidade encheu a sala de aplausos.

Non podían ser menos aquelas persoas que vivían na Domus VI de Oleiros, por iso trasladámonos alí o 5 de decembro e intentamos crear unha tarde diferente coas cancións populares que tiveron unha boa acollida.



A representación teatral no centro da Xunta de Galicia en Oleiros.

10 de decembro. Desprazamento do grupo de teatro á residencia da Xunta de Galicia en Oleiros. Ofrecéronse algúns recortes da obra *Agua, azucarillos y aguardiente*, que tivo unha acollida excepcional.

Pero o noso grupo de teatro non quixo perder a oportunidade de "quentar outros ambientes", polo que se puxo en escea, o 12 de decembro, un fragmento da famosa obra *Agua, azucarillos y aguardiente* na Residencia Orpea de Culleredo, recollendo os aplausos dos presentes.

As datas seguían avanzando e achegábase o Nadal. Así chegou o 20 de decembro para os usuarios do Centro Cívico de San Diego. Alí apareceu o grupo coa ilusión de ofrecer un conglomerado de cancións populares que foron secundadas por algúns asistentes, que amosaron o seu agradecemento polo traballo realizado.

Tanxedoira.

XVI Memorial Pepe Valiña. Baio (Zas).

Un ano máis celebrouse o festival Pepe Valiña.

Para min, a primeira vez que teño o pracer.

Na cabeza o pensamento de que por mor da chuvia, non se ía celebrar... Ou que a xente non ía querer ir! Mais que va... quen dixo medo! e aí fomos, aínda que parecía que caía o diluvio ese día.

A igrexa de Baio albergou a máis de catrocentas persoas que desfrutaron do festival, onde cancións sacras e laicas desbordaban as paredes do templo. As máis celebradas por todos foron as panxoliñas, non só por estarmos en decembro, senón polo espírito que nos facían sentir.



Un momento da actuación.

O festival foi sobrio, mais ameno, onde voces novas e vellas fixéronnos emocionar.

Unha vez o traballo feito, era hora de relaxarse e desfrutar dunha cea deliciosa, en boa compañía e amenizada ao final con cantigas populares, que fixeron as delicias de todos.

Pasámolo pipa. Calquera diría que xa pasada a media noite aínda quedaban forzas para seguir a festa no autobús. Pero así son as xentes que forman parte de esta agrupación: traballadoras e responsábeis, pero tamén alegres e dicharacheiras.

Christopher John.

Concurso postais navideñas.

As postais gañadoras do concurso foron as seguintes:



Categoría infantil:
María Luisa Boga



Categoría adultos:
Chus Sánchez

Parabéns as gañadoras.

Tanxedoira.

Festival de Nadal.

O 21 de decembro tivo lugar o festival de Nadal da asociación. Para min é o primeiro! E comecei ao grande: tocouse ser presentadora do festival xunto ao meu compañeiro Isaac. Os dous estabamos moi nerviosos ao saír a presentar por vez primeira, mais, segundo foron pasando as actuacións, todo foi fluíndo. Xuntos, entre bambalinas, vimos os nervios e as présas de última hora por parte dos participantes.



O Centro Cívico estaba cheo.

Puidemos desfrutar dunha actuación do coro moi acorde coa época do Nadal, con varias panxoliñas. Tamén vivimos actuacións de acordeón, pandeireta, un monólogo, rondalla e baile.

Mentres se entregaban os premios dos torneos e se sorteaban as cestas de Nadal, nós aproveitamos para cambiarnos de roupa, xa que era a nosa quenda de actuar con Rosa e as nosas compañeiras de baile.

Comezamos con algún que outro incidente, xa que non ía o equipo de música, mais nada que non se puidese solucionar. Os meus compañeiros e mais eu démoló todo e, pola miña parte, quedei con gañas de bailar un par de cancións máis.

Mais a festa non quedou aí: no local xuntámonos para beber, comer e continuar a desfrutar un bocado máis 🍷

Marta Calviño.

COMUNICADO DA DIRECTIVA.

Caros socios e socias!

Como xa vos anunciamos con anterioridade, o **día 4 de xullo** a Rondalla Tanxedoira vai actuar no XIV Encontro de Tunas e Rondallas organizado pola Rondalla Al Sejo de **Castro Urdiales** (Cantabria).

Así, para aquelas persoas que queirades acompañarnos na viaxe ofrecémosvos información que pode que sexa do voso interese:

- O prezo total do aloxamento e do desprazamento é de **75€ por persoa durante tres días** (3, 4 e 5 de xullo).

* No momento de vos anotar deberedes aboar unha parte do prezo: 35€.

* O resto (40€) serán aboados antes de 15 de maio.

- O aloxamento será en **bungalós** de catro e cinco persoas no **Camping La Barguilla**, a media hora de Castro Urdiales.

* Estes bungalós contan con varias habitacións, cociña e baño.

- **Os gastos das comidas correrán a cargo de cada persoa**, aínda que a Xunta Directiva ocuparase da organización de cada unha.

- O **itinerario** (aínda suxeito a modificacións) será o seguinte:

+ **Venres 3** → Saída da Coruña pendente de confirmación (despois do xanar).

Visita 1: suxeito ao percorrido do autocar **(Navia, Luarca ou Cudillero)**.

+ **Sábado 4** →

Visita 2: **Bilbao**

Visita 3 a **Castro Urdiales**

Actuación da Rondalla Tanxedoira ás 20 h.

+ **Domingo 5** → Saída de Castro Urdiales ás 11 h.

Visita 4: **Cuevas de Altamira** e

Visita 5: **Santillana del Mar**.

Chegada á Coruña entre as 22h. e as 23 h.

As prazas que ofertamos inicialmente para completar un autocar para esta viaxe son **26**. En función do número de persoas anotadas, cabe a posibilidade de ampliar as prazas contratando un novo autocar, para o cal abriremos unha listaxe de espera. Para isto cómpre que a devandita listaxe acade un número mínimo de **30 persoas**.

Obviamente, terán **preferencia** de anotación aquelas persoas que son **socias** da entidade.

Por iso, é importante anotarse antes do **15 de marzo do 2020**.

Para facer efectiva a reserva da praza, pódese proceder de dous modos:

- No **local social**, onde se efectuará o pago e a inscrición por orde de chegada. De escoller esta opción, recordámosvos que o horario de atendimento é os venres de 18h. a 22 h.

- Mediante **transferencia bancaria**, para o cal precisárase unha comunicación **anterior** á transferencia polas canles habituais (correo electrónico, Telegram e What's app).

Un saúdo

16 de febreiro.

LACONADA.- Chega o entroido que celebraremos coa nosa habitual laconada. Facilitarase máis información polos medios habituais sobre lugar, hora e prezo.

18 de abril.

XLII FESTIVAL ANIVERSARIO.- Coa participación dos grupos artísticos da asociación e a colaboración de artistas invitados, entre os que se acha un grupo do IES Isidro Parga Pondal de Carballo. Informarase sobre lugar e hora.

Aqueles maravillosos anos!



1992 ou 1993. Local do antigo lavadoiro de Monelos.

/ A destacar.../

Axenda

25 de xaneiro.

CHOCOLATADA.- A partir das 17:30 horas, e no local da asociación, celebrarase a tradicional chocolatada, e será de balde.

14 de febreiro.

VII CERTAME DE FOTOGRAFÍA FERNANDO POMBO.- Serán publicadas as bases que regulan o noso concurso anual de fotografía.

/ Non perdas.../

Viaxe cultural e artístico.

Preséntase unha gran oportunidade de facer unha viaxe de tres días a unha fermosa zona do Norte de España, acompañando a nosa rondalla a unha actuación á que foi convidada en Cantabria. As prazas son limitadas. Aproveita esta oportunidade. **INSCRÍBETE!**

VII Certame de Fotografía Fernando Pombo.

O 14 de febreiro ábrese o prazo para presentar traballos fotográficos a este certame. Mostra o artista que hai en ti. **PARTICIPA!**

Publicación
subvencionada pola
Deputación da Coruña.

